

Aprobado polo Pleno da Corporación de data do vintenove de decembro de 2001.
Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 56, de data do oito de marzo de 2002

Modificado polo Pleno da Corporación de data do vinte e seis de xuño de 2008.
Publicada a modificación no Boletín Oficial da Provincia número 163, de data dezaseis de xullo de 2008

REGULAMENTO POLO QUE SE CREA O REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

Artigo 1.- Rexistro municipal de asociacións

1. Créase o Rexistro Xeral de asociacións do Concello de Arteixo, co fin de permitirle ao Concello coñecer o número de entidades existentes no municipio, o seu fin e a súa representatividade, para os efectos de posibilitar unha correcta política municipal de fomento do asociacionismo veciñal, sendo independente do Rexistro Xeral de Asociacións no que, así mesmo, deben figurar inscritas todas elas.
2. As inscricións realizaranse polas asociacións interesadas, debendo conter os seguintes datos:
 - a. Estatutos da asociación.
 - b. Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e demais Rexistros Públicos.
 - c. Nome e apelidos das persoas que ocupen cargos directivos.
 - d. Domicilio social.
 - e. Orzamento do ano en curso.
 - f. Programa de actividades do ano en curso.
 - g. Certificación do número de asociados.
3. O Rexistro levarase pola Secretaría Xeral da Corporación e os seus datos serán públicos.

Artigo 2.- Procedemento de inscrición

1. Poderán solicitar e obter inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, con domicilio social no municipio de Arteixo e que neste ámbito territorial desenvolvan as súas actividades, que consistirán fundamentalmente na defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía.
2. A solicitude de inscrición presentarse nas oficinas do Concello.
3. No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición debidamente presentada, o Concello notificará á Asociación o número de inscrición e a partir dese momento, considerarase dada de alta a tódolos efectos.

Artigo 3.- Modificación de datos inscritos.

1. Os dereitos recoñecidos ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza só serán exercitábeis por aquelas que se atopen inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións.
2. As asociacións inscritas están obrigadas a notificar ao Rexistro toda modificación dos datos inscritos dentro do mes seguinte ao que se produza. O orzamento e o programa anual de actividades comunicaranse no mes de xaneiro de cada ano.

O incumprimento desta obriga dará lugar a que o Concello poida dar de baixa á Asociación no Rexistro.

Artigo 4.- Réxime de axudas públicas.

1. De acordo cos recursos orzamentarios, o Concello de Arteixo subvencionará economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, tanto polo que se refire aos seus gastos xerais coma ás actividades que realicen.
2. Para os efectos previstos neste artigo, o orzamento municipal incluírá unha partida destinada a este fin.
3. O Concello, no exercicio das súas potestades regulamentarias e de autoorganización, aprobará as normas ou bases reguladoras de distribución desa partida que, en todo caso, terá en conta a representatividade da asociación, o grao de utilidade cidadá dos seus fins, a súa capacidade económica autónoma e as axudas que reciban doutros organismos públicos ou privados.

Artigo 5.- Uso de locais públicos.

1. As asociacións debidamente inscritas no Rexistro poderán acceder ao uso dos medios públicos municipais, especialmente aos locais sociais e aos medios de comunicación, coas limitacións que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello, e serán responsables do trato dado ás instalacións.
2. O uso dos medios públicos municipais deberá ser solicitado ao Concello por escrito coa antelación que establezan os servizos correspondentes.

DISPOSICIÓN FINAL

AA presente disposición entrará en vigor aos quince días da súa publicación completa no BOP, e tramitarase de acordo co procedemento establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local".